

OBRADOIROS PARA O CURSO 2024-2025 NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE CONXO, AS FONTIÑAS E MEIXONFRÍO-SALGUEIRIÑOS.

Os obradoiros teñen como obxectivo axudar ás familias a conciliar a vida familiar, laboral e persoal nos períodos extraescolares. Así as escolas infantís municipais convértense nun lugar de encontro para nenos/as do segundo ciclo de Educación Infantil e Primeiro ciclo de Primaria cunha proposta diferente e lúdica, rompendo coa rutina do curso escolar e ofertando unha serie de actividades ós máis pequenos/as que permitan ás súas familias seguir cumprindo cos compromisos laborais.

DESTINATARIOS: Nenos e nenas empadroados no Concello de Santiago de Compostela ou sen estar empadroados cursen os seus estudos en centros de educación infantil e primaria desta cidade, con idades comprendidas entre os 3 e os 8 anos (2º ciclo de educación infantil e 1º e 2º curso de educación primaria).

DATAS DE REALIZACIÓN: Os obradoiros desenvolveranse durante o curso escolar 2024-2025, de acordo co calendario escolar da Xunta de Galicia Os obradoiros desenvolveranse coas seguintes modalidades, a escoller polos interesados/as:

- Obradoiros durante o curso escolar 2024-2025 (de setembro a xuño).
- Obradoiros días soltos
- Obradoiros vacacións escolares (primeiros días de Setembro, Nadal, Entroido, Semana Santa e últimos días de xuño). Estas prazas, no caso de que non se cubran cos nenos/as matriculados nos obradoiros do curso escolar serán cubertas segundo os puntos obtidos mediante o proceso de baremación.

HORARIOS:

- De 16.00 ás 20.00 h. durante o curso escolar.
- De 10.00 ás 14.00 h. en vacacións escolares. As familias poden ampliar este servizo co horario de almorzo (7.30 ás 09.00 h.); comedor (de 14.00 ás 15.00 h.) e horas a maiores (de 09:00 a 10:00 e de 15:00 a 16:00 horas)

NÚMERO DE PRAZAS: o número total de prazas é de 45, distribuídas 15 prazas para cada escola.

- Escola Infantil Municipal de Conxo: 15 prazas.
- Escola Infantil Municipal das Fontiñas: 15 prazas.
- Escola Infantil Municipal de Meixonfrío-Salgueiriños: 15 prazas.

LUGAR DE EXECUCIÓN: os obradoiros desenvolveranse nas propias escolas infantís de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños.

OBXECTIVOS: Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, ofrecendo aos nenos e nenas unha alternativa de lecer e tempo libre, desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Que os/as nenos/as se sensibilicen de forma divertida con diferentes disciplinas artísticas.
- Fomentar a curiosidade, as gañas de aprender e de descubrir novas aventuras.
- Desenvolver a autonomía persoal no día a día.
- Dar a coñecer diferentes actividades lúdicas de lecer e tempo libre.
- Promover actividades que favorezan o traballo en equipo e a creatividade.
- Fomentar o compañeirismo e a tolerancia a través de actividades de traballo en equipo.
- Coñecer o entorno que nos rodea.

TIPO DE OBRADOIROS: O programa contará con un obradoiro diferente cada día:

- **ARTE.** Neste obradoiro traballarase a expresión plástica, con actividades lúdicas que favorezan ao desenvolvemento da creación, imaxinación e percepción. Será un medio de expresión onde aprenderán moitas maneiras de expresarse, coñecer un pouco da historia artística e potenciar as súas capacidades intelectuais.
- **CIENCIA.** Con este proxecto achegarase aos nenos e nenas ao mundo que lles rodea, moitos experimentos divertidos e explicacións do que acontece. Cos obradoiros de ciencia, alimentase esa curiosidade e proporcionáselles aprendizaxes, facendo observacións, recompilando información, formulando preguntas e que cheguen a unha conclusión.
- **COCIÑAS DO MUNDO.** Neste obradoiro os nenos e nenas desenvolverán habilidades básicas, explorarán cos seus sentidos e buscarán actividades onde as poidan conseguir de maneira independente e con alimentos saudables. Un obradoiro onde investigan, manipulan, crean, exploran e aprenden dotes culinarias.
- **MANUALIDADES.** Son moitos os beneficios que se atopan nos obradoiros de manualidades. Desenvolven a creatividade, a concentración e a imaxinación. Aumentarán a autoestima e autoconfianza, aprendendo a planificar e resolver problemas.

- **XOGOS POPULARES.** É sabido que o xogo é un instrumento indispensable na vida dos nenos para aprender. Principalmente beneficia as súas habilidades psicomotrices, sociais e de autoestima. A parte destes motivos, preténdese achegar aos nenos e nenas aos xogos máis populares que eles descoñezan, xogos que leven á casa e que poidan desfrutar cas familias.

TARIFAS

MATRÍCULA (anual): 75 €	SERVIZOS COMPLEMENTARIOS
2 TARDES: 15 €/ mes 3 TARDES: 20 €/ mes 4 TARDES: 30 €/ mes 5 TARDES: 35€/ mes Día solto: 6 €/ día	COMEDOR: mes, 17.45 € e días soltos, 4 € ALMORZO: mes, 10 € e días soltos, 2 € HORA A MAIORES: todo o mes, 10 € e días soltos, 2 €/h

SOLICITUDE DE OBRADOIROS:

As solicitudes presentaranse segundo o modelo normalizado ben por medios electrónicos ou de xeito presencial, no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Se presenta a solicitude a través da sede electrónica do Concello de Santiago (<https://sede.santiagodecompostela.gal/>) escolla “inscrición nos obradoiros das escolas infantís municipais” dentro do catálogo de trámites dispoñible.

O prazo de presentación de solicitudes do **procedemento de reserva de prazas** dos nenos/as matriculados neste curso escolar 2023-2024, e dos/as fillos/as dos/as traballadores/as das E.I.M de Conxo, das Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños será entre os días 02 e o 10 de maio de 2024 (ambos os dous inclusive). Os fillos/as dos traballadores/as de acordo co disposto na lei 39/1999 do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral da persoas traballadoras, poderán dispor destas prazas aínda que non cumpran os requisitos do Padrón, sempre e cando a súa estadía na escola se corresponda co horario laboral na escola do seu pai/nai.

Unha vez rematado este período de presentación e revisadas as reservas de praza se procederá á **exposición pública das prazas vacantes** por escolas o día 16 de maio de 2024.

O prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso será do 20 de maio ao 29 de maio de 2024.

As solicitudes de novo ingreso seguirán a seguinte orde de adxudicación:

1. As de nenos/as con medidas administrativas de tutela ou garda en situación de acollemento familiar.
2. As de nenas/os con irmán ou irmá matriculado na escola infantil municipal.

3. As prazas que queden vacantes adjudicaranse segundo a puntuación obtida pola aplicación do baremo en base ao establecido na *RESOLUCIÓN do 11 de marzo de 2024 pola que se convoca o procedemento de adjudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes desta axencia para o curso 2024/25*
4. O impreso de solicitude estará dispoñible, xunto coa información complementaria, nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños, e na páxina web municipal www.santiagodecompostela.gal

Atentamente,

A concelleira de Educación
Míriam Louzao Fernández

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

ANEXO I

BAREMO A APLICAR PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZA EN BASE AO ESTABLECIDO NA RESOLUCIÓN DO 11 DE MARZO DE 2024 POLA QUE SE CONVOCA O PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DEPENDENTES DESTA AXENCIA PARA O CURSO 2024/25

*** Situación sociofamiliar.**

1. Por cada membro da unidade familiar: **2 puntos.**
2. Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta: **1 punto.**
3. No caso de que o/a neno/a para o que se solicita a praza nacesse nun parto múltiple: **1 punto.**
4. Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade ou enfermidade que requira internamento periódico: **2 puntos.**
5. Pola condición de familia monoparental: **3 puntos.**
6. Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais: **6 puntos.**
7. Pola condición de familia numerosa: **3 puntos.**
8. Cando a persoa solicitante sexa deportista de alto nivel ou de alto rendemento deportivo, ou teña a condición de adestradora, técnica, xuíza ou árbitro/a de alto nivel deportivo recoñecido pola Comunidade Autónoma de Galicia: **1 punto.**
9. Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas: **ata 3 puntos.**

*** Situación laboral familiar.**

Cráterios sobre a situación laboral e familiar:

a) Situación laboral de ocupación:

– Nai: **8 puntos.**

– Pai: **8 puntos.**

b) Situación laboral de desemprego (1):

– Nai: **2 puntos.**

– Pai: **2 puntos.**

c) Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga):

– Nai: **3 puntos.**

– Pai: **3 puntos.**

(1) Sobre a situación laboral de desemprego, valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao da publicación desta resolución.

No caso de familias monoparentais ou aquelas en que o neno ou a nena conviva cunha soa persoa proxenitora, adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.

Só se poderá obter puntuación por unha das epígrafes anteriores.

*** Situación económica.**

Renda per capita (RPC) mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente (calculada de acordo co establecido no artigo 7 desta resolución):

– Inferior ao 30 % do IPREM:	+4 puntos
– Do 30 % ou superior e inferior ao 50 % do IPREM:	+3 puntos.
– Do 50 % ou superior e inferior ao 75 % do IPREM:	+2 puntos.
– Do 75 % ou superior e inferior ao 100 % do IPREM:	+1 punto.
– Do 100 % ou superior e inferior ao 125 % do IPREM:	-1 punto.
– Do 125 % ou superior e inferior ao 150 % do IPREM:	-2 puntos.

IPREM:	
– Entre o 150 % e o 200 % do IPREM:	-3 puntos.
– Superior ao 200 % do IPREM:	-4 puntos.

En caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes coa renda per cápita máis baixa e, despois, as de xornada completa con servizo de comedor sobre as solicitudes de media xornada.

Para os efectos desta resolución, están a cargo da unidade familiar as persoas que, convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes da situación laboral familiar e da situación económica do baremo.

No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.